

## INICIO DAS ACTIVIDADES DO IEF CURSO 2021 - 2022

Benqueridas familias,

Con esta carta vos queremos comunicar que o vindeiro **sábado 16 de outubro**, ás **11:00 horas**, daremos comezo coas actividades do IEF deste curso.

Como é costume este día realizaremos a actividade conxunta “*de Paso*” para celebrar o cambio de etapa dalgúns dos nosos rapaces e rapazas. Polo que ao comezo desta actividade aqueles/as que xa participaban no IEF o curso pasado deberán acudir, ao comezo, á mesma agrupación na que estaban.

Quenes se incorporen por primeira vez deberán ir coa agrupación na que comeza:

- SALTIMBANQUIS. 1º a 3º de EP
- ANDAINA. 4º a 6º de EP
- ADS. 1º e 2º da ESO
- INICIACIÓN. 3º e 4º da ESO (ou equivalente)
- CATECUMENADO. 1º BACHARELATO (ou equivalente) en adiante

Habilitouse xa o formulario web de inscrición no enlace facilitado con esta circular. Antes de comezar a cubri-lo tede en conta que no formulario vaise solicitar o xustificante de pago da cota de inscrición, polo que vos recomendamos que fagades antes o pago e teñades o pdf do xustificante a man.

Enlace: <https://forms.gle/B4vDYwpd7Tx8uSXLA>

**Data fin de inscricións:** 15 de outubro. Se alguén ten dificultades co prazo ou coa inscrición online, pode facelo presencialmente o sábado 16 ao final da actividade.

**A cota anual para este curso é de 35€** pero, coma sempre, insistimos en que non queremos que os prezos das nosas actividades sexan motivo para non asistir a elas, de xeito que quen o vexa conveniente pode falar deste tema co coordinador (Manu) ou co Director (Chema) do centro xuvenil.

O pago da cota deberase facer por ingreso bancario na seguinte conta:

- IBAN ES59 2100 2109 4102 0025 2734 (Caixabank).
- CONCEPTO: Nome rapaz/a + agrupación (Saltimbanquis, Andaina, ADS, Ini I, Ini II, Cate 1 e Cate 2)

Tamén agradecemos calquera doazón económica para axudar á realización das nosas actividades e proxectos a través desta conta.

Calquera cuestión que teñades non dubidedes en contactar con Manu a través do correo ou teléfono que tedes abaixo.

*Un agarimoso saúdo dende o equipo de animadores de Abeiro.*

